

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 4 de outubro de 2013

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o catro de outubro do ano dous mil trece, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Plácido Álvarez Dobaño, don Antonio Montero Fernández, don José Antonio Feijóo Alonso, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Non asiste á sesión o deputado provincial e vicepresidente 1º don Rosendo Luis Fernández Fernández.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario accidental, don José Eugenio Galindo González.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DO DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2013.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día vinte e sete de setembro de dous mil trece, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- RESOLUCIÓN DA SEGUNDA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO OCIO SAUDABLE E O TERMALISMO NA PROVINCIA DE OURENSE CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2013.- Unha vez vista a proposta do día 2 de outubro de 2013, que formula a comisión de valoración para a concesión de subvencións para o fomento do ocio saudable e o termalismo na provincia de Ourense correspondente ao exercicio 2013 (BOP n.º 147, do 28/06/2013), e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Concederlles subvención ás persoas que se indican a continuación e que lle dan acceso directo a seren beneficiarias dunha praza por establecemento balneario e modalidade segundo se sinalan:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 4 de outubro de 2013
--

	DNI	APELIDOS E NOME	Nº PERSOAS	MODALIDADE PROGRAMA	BALNEARIO
1	34723929R	ALVAREZ FRANCISCO MARIA DEL CARMEN	2	PROGRAMA A_ESTANCIA	BAÑOS DE MOLGAS
2	34904098-B	ALVAREZ LOPEZ JUAN LUIS	2	PROGRAMA A_ESTANCIA	LAIAS
3	34702599S	BARAZAL RODRIGUEZ CARMEN	1	PROGRAMA A_ESTANCIA	BAÑOS DE MOLGAS
4	34582172Q	BLANCO BASALO ENCARNACIÓN	2	PROGRAMA A_ESTANCIA	CARBALLIÑO
5	76672849A	CAMPOS TABOADA JOSÉ	2	PROGRAMA A_ESTANCIA	ARNOIA
6	34547770E	CONDE LOSADA MANUEL	2	PROGRAMA A_ESTANCIA	LOBIOS
7	34597466S	CRESPO EIREY MARÍA DEL CARMEN	2	PROGRAMA B_TRATAMENT O	CARBALLIÑO
8	34722821C	DA CONCEICAO ALVES LEONILDE	1	PROGRAMA A_ESTANCIA	ARNOIA
9	34596928Y	FERNANDEZ BABARRO CESAREO	2	PROGRAMA B_TRATAMENT O	BAÑOS DE MOLGAS
10	34462130B A	GONZALEZ SANCHEZ ROSA	2	PROGRAMA A_ESTANCIA	LAIAS
11	34597038R	JANEIRO OTERO MANUEL	1	PROGRAMA A_ESTANCIA	LOBIOS
12	34925640W	MARTÍNEZ FERNÁNDEZ MARIA ELIDA	1	PROGRAMA A_ESTANCIA	LOBIOS
13	34713536G	MARTINEZ NIEVES CAROLINA	1	PROGRAMA A_ESTANCIA	BAÑOS DE MOLGAS
14	34650506V	MARTINEZ NIEVES ROSARIO	1	PROGRAMA A_ESTANCIA	BAÑOS DE MOLGAS
15	34578936T	MOSQUERA GARCIA RAFAEL JAVIER	2	PROGRAMA A_ESTANCIA	LOBIOS
16	34935806W	NOVO PICOUTO LUZ GREGORIA	2	PROGRAMA B_TRATAMENT O	BAÑOS DE MOLGAS
17	34595847Y	RAMOS LOPEZ MARIA DE LA ASUNCION PILAR	1	PROGRAMA A_ESTANCIA	LOBIOS

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 4 de outubro de 2013

18	34473491X	RODRÍGUEZ CANEDA ANA	2	PROGRAMA A_ESTANCIA	CARBALLIÑO
19	34533948T	RODRÍGUEZ CID GUMERSINDO	2	PROGRAMA A_ESTANCIA	LOBIOS
20	34446626D	ROMAN MARQUINA EUDOSIA	2	PROGRAMA A_ESTANCIA	LAIAS
21	76771235H	SUÁREZ SALGADO CONSUELO	2	PROGRAMA A_ESTANCIA	LOBIOS
22	34375619A	VÁZQUEZ FERNÁNDEZ SANTIAGO ALBERTO	2	PROGRAMA A_ESTANCIA	LOBIOS
23	34943294S	VÁZQUEZ GÓMEZ MARÍA HELENA	2	PROGRAMA A_ESTANCIA	LOBIOS
24	34935071A	VAZQUEZ VAZQUEZ MARIA FELISA	2	PROGRAMA A_ESTANCIA	LOBIOS
		TOTAL	41		

2º.- A concesión da subvención queda condicionada a que os beneficiarios presenten, no prazo de dez (10) días hábiles desde a publicación da presente resolución de concesión, a seguinte documentación:

- Copia do DNI do solicitante e, se é o caso, do acompañante.
- Certificado ou volante de empadramento do solicitante principal, referido á data da solicitude.
- Copia do DNI do representante e da autorización do representado para a formulación da solicitude.

As quendas para a realización das estancias serán concretadas polos establecementos tras a publicación da resolución.

3º.- A notificación desta resolución realizarase exclusivamente a través da súa publicación no seguinte enderezo web: <http://termalismo.depourense.es> e no taboleiro de anuncios da Deputación Provincial, como así o establece o punto 3 da base oitava das que rexe a convocatoria.

3.- XI PREMIO DE NARRACIÓN E ILUSTRACIÓN INFANTIL E XUVENIL “PURA E DORA VÁZQUEZ”.- Ante a necesidade de proceder á convocatoria da XI edición do premio de ilustración e narración “Pura e Dora Vázquez”, e de conformidade coa

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 4 de outubro de 2013

proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Aprobar as bases reguladoras da XI edición do premio de ilustración e narración “Pura e Dora Vázquez” co seguinte contido:

A) BASES MODALIDADE NARRACIÓN:

- 1.- A este premio poderán concorrer todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega. Os textos presentados han de ser inéditos e totalmente orixinais.
- 2.- As obras, cuxa temática será libre pero acaída para o público infantil ou xuvenil terán unha extensión mínima de 25 páxinas e máxima de 100 páxinas, formato A4, fonte Times New Roman, tamaño de letra 12 e interliñado 1,5 liñas.
- 3.- A presentación dos orixinais poderá realizarse no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Ourense ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico de las administracións públicas e do procedemento administrativo común conforme ás seguintes normas:

Os concursantes remitirán seis exemplares da obra nun sobre pechado indicando no exterior do paquete “PREMIO PURA E DORA VÁZQUEZ DE NARRACIÓN”, á seguinte dirección:

Deputación Provincial de Ourense
Rexistro Xeral
rúa do Progreso, 32
32003 Ourense

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 4 de outubro de 2013

As obras remitidas irán asinadas exclusivamente con pseudónimo. Dentro do sobre introducirase outro sobre pechado en cuxo exterior figurará o pseudónimo do autor e título da obra, e no seu interior os seguintes datos: título da obra, nome, apelidos e pseudónimo do autor, enderezo postal, teléfono, enderezo electrónico e unha fotocopia do DNI.

- 4.- O prazo de admisión de orixinais remata o 31 de decembro de 2013, admitíndose, non obstante, aqueles que teñan sido cuñados por Correos ese mesmo día.
- 5.- Para esta modalidade de narración establécese un premio de 1.500 €.
- 6.- O xurado estará composto polos seguintes membros: o presidente da Deputación de Ourense (ou persoa, para o efecto, en que el delegue) e catro vogais escollidos dos distintos ámbitos da Cultura de Galicia. Actuará de secretaria a xefa da Sección de Arquivo e Publicacións da Deputación Provincial de Ourense ou funcionario en quen delegue (con voz e sen voto).
Os vogais serán designados pola Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes da Deputación Provincial a proposta dos grupos políticos da Corporación.
- 7.- A composición do xurado darase a coñecer en data que se comunicará oportunamente e este emitirá o seu ditame no primeiro trimestre de 2014.
- 8.- O acto de entrega do XI Premio “Pura e Dora Vázquez” nesta modalidade de narrativa será o día, no lugar e á hora que se comunicarán oportunamente.
- 9.- O premio poderá ser declarado deserto, no caso que o xurado así o considere, e a decisión deste será inapelable.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 4 de outubro de 2013

- 10.- A Deputación de Ourense resérvase os dereitos da primeira edición da obra premiada nos idiomas galego e castelán, coa posibilidade de cederlles tales dereitos a terceiros. O beneficiario do premio, que se compromete a renunciar, expresamente, a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente vinte exemplares da obra premiada.
- 11.- Os orixinais non premiados poderán retirarse nos dous meses seguintes ó veredicto. Rematado ese prazo os que non se retiren, serán destruídos.

A participación nesta convocatoria require a aceptación das normas contidas nas presentes bases.

B) MODALIDADE ILUSTRACIÓN:

- 1.- Poderán concorrer ó premio ilustradores de calquera nacionalidade que presenten as súas ilustracións inéditas e orixinais, non menos de dez, tomando como base o texto premiado na modalidade de narración deste XI Premio “Pura e Dora Vázquez” de narración infantil e xuvenil.
- 2.- As ilustracións deberán adaptarse ao tamaño do libro, que será o seguinte:
- a. Ilustración de portada: 145 x 210 mm, tamaño visible da portada co libro pechado, sen sangue. 513,6 x 216 mm tamaño total incluíndo solapas, contraportada e sangue.
 - b. Ilustracións interiores: 296 x 216 mm dobre páxina con sangue.
- 3.- A presentación dos orixinais poderá realizarse no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Ourense ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico de las administracións públicas e do procedemento administrativo común conforme ás seguintes normas:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 4 de outubro de 2013

Os concursantes remitirán as ilustracións nun sobre pechado indicando no exterior do paquete “PREMIO PURA E DORA VÁZQUEZ DE ILUSTRACIÓN”, á seguinte dirección:

Deputación Provincial de Ourense

Rexistro Xeral

rúa do Progreso, 32

32003 Ourense

As obras remitidas irán asinadas exclusivamente con pseudónimo. Dentro do sobre introducirase outro sobre pechado en cuxo exterior figurará o pseudónimo do autor e título da obra, e no seu interior os seguintes datos: título da obra, nome, apelidos e pseudónimo do autor, enderezo postal, teléfono, enderezo electrónico e unha fotocopia do DNI.

- 4.- O prazo de admisión de orixinais remata o 30 de marzo de 2014, admitíndose, non obstante, aqueles que teñan sido cuñados por Correos ese mesmo día.
- 5.- Para esta modalidade de ilustración establécese un premio de 1.500 €.
- 6.- O xurado estará composto polos seguintes membros: o presidente da Deputación de Ourense (ou persoa, para o efecto, en que el delegue) e catro vocais escollidos dos distintos ámbitos da Cultura de Galicia. Actuará de secretaria a xefa da Sección de Arquivo e Publicacións da Deputación Provincial de Ourense ou funcionario en quen delegue (con voz e sen voto).
Os vogais serán designados pola Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes da Deputación Provincial a proposta dos grupos políticos da Corporación.
- 7.- A composición do xurado darase a coñecer en data que se comunicará oportunamente e este emitirá o seu ditame antes do 30 de abril de 2014.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 4 de outubro de 2013

- 8.- O acto de entrega do XI Premio “Pura e Dora Vázquez” nesta modalidade de ilustración será o día, no lugar e á hora que se comunicarán oportunamente.
- 9.- O premio poderá ser declarado deserto, no caso que o xurado así o considere, e a decisión deste será inapelable.
- 10.- A Deputación de Ourense resérvase os dereitos da primeira edición da obra premiada nos idiomas galego e castelán, coa posibilidade de cederlles tales dereitos a terceiros. O beneficiario do premio, que se compromete a renunciar, expresamente, a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente vinte exemplares da obra premiada.
- 11.- Os orixinais non premiados poderán retirarse nos dous meses seguintes ó veredicto. Rematado ese prazo os que non se retiren, serán destruídos.

A participación nesta convocatoria require a aceptación das normas contidas nas presentes bases.

EDICIÓN E DISTRIBUCIÓN DA OBRA:

A Deputación de Ourense publicará a obra premiada, tanto o texto como as ilustracións, e distribuirá gratuitamente os exemplares necesarios para os centros de lectura da provincia de Ourense (bibliotecas, centros de ensinanza, asociacións e entidades culturais).

2º) Proceder á convocatoria pública do premio mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na sede electrónica da Deputación Provincial.

4.- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO CLUB CARBALLIÑO DE FÚTBOL SALA CONTRA A RESOLUCIÓN DO CONCURSO DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS 2013.- Con data 18 de xullo de 2013 o Club Carballiño de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 4 de outubro de 2013

Fútbol Sala interpuxo recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno do 21 de xuño de 2013 polo que se resolveu o concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas 2013.

O recorrente fundamenta a súa impugnación no feito de que o seu club milita en Terceira División Nacional e ten catro equipos de base e un de senior feminino provincial, en total 55 licenzas, polo que se solicita se lle conceda unha subvención de maior contía que a outorgada.

Con data 11 de setembro de 2013, o Servizo de Deportes da Deputación Provincial emite informe desfavorable respecto ó recurso, con base nos seguintes argumentos:

- Os equipos base e feminino e o número de licenzas xa se tiveran en conta na valoración realizada no seu día pola Comisión de Valoración.
- A denominada Terceira División Nacional ten en realidade un ámbito de competición estritamente autonómico, segundo se desprende do seu calendario de competición, polo que, a efectos da determinación da contía da subvención o club solicitante debe encadrarse no grupo III, conforme co disposto na base 9ª c) das que rexen o concurso.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Desestimar o recurso de reposición interposto polo Club Carballiño de Fútbol Sala contra a resolución da Xunta de Goberno do 21 de xuño de 2013 polo que se resolveu o concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas 2013, confirmando en todos os seus extremos a resolución recorrida polos motivos seguintes:

- Os equipos base e feminino e o número de licenzas xa se tiveran en conta na valoración realizada no seu día pola Comisión de Valoración.
- A denominada Terceira División Nacional ten en realidade un ámbito de competición estritamente autonómico, segundo se desprende do seu calendario de competición, polo que, a efectos da determinación da contía da subvención o club solicitante debe encadrarse no grupo III, conforme co disposto na base 9ª c) das que rexen o concurso.

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE CENLLE.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente N° 1/2013 de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 4 de outubro de 2013

modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 29.000,00 euros a favor do Concello de Cenlle, para a obra de acondicionamento da área termal e paseo fluvial en Barbantes, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Cenlle, nos seguintes termos:

-Importe: 29.000,00 €.

-Obxecto: obra de acondicionamento da área termal e paseo fluvial en Barbantes.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ao beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2013.

6.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

7.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás trece horas e vinte minutos, do referenciado día catro de outubro do ano dous mil trece, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,